

## ACTA Nº 9 DA MESA METROPOLITANA DE TRANSPORTE E MOBILIDADE

Reunidos na Casa Consistorial de Cambre, sendo as 13:00 horas do día 26 de maio do ano 2017, previa convocatoria coa orde do día previamente establecida e comunicada aos compoñentes da mesa,

Reúnense:

- D. Alberto Castro, en representación do Concello de Arteixo.
- D<sup>a</sup> Marta Bosch Pibernat, en representación do Concello de Oleiros.
- D. Oscar Souto Muíño, en representación do Concello de Cambre.
- D. Daniel Díaz Grandío, en representación do Concello da Coruña.
- D. Juan Antonio López López en representación do Concello da Coruña.
- D. Antonio Vázquez Lorenzo, en representación do Concello de Betanzos.
- D. Javier Varela Tejedor, en representación do Concello de Culleredo, e como coordinador da Mesa.

Escusan a súa asistencia dona María José Varela Neira (Oleiros) por motivos persoais e dona María Couto López (Carral) sen especificar motivos.

Comeza a reunión co primeiro punto da orde do día:

### 1. Lectura e aprobación, non seu caso, do acta da sesión anterior:

Lido o Acta da sesión anterior, apróbbase por unanimidade e asínase polos asistentes en duplicado exemplar.

### 2. Plan de accesibilidade á cidade da Coruña. Resposta ás alegacións e próximos pasos a tomar; e 3. Análise situación actual:

Toma a palabra Daniel Díaz Grandío para explicar a situación actual no que ao citado Plan refírese. Neste sentido afirma que en xeral está plenamente consensuado coa Xunta de Galicia. O problema básico para chegar a un total acordo reside na falta de definición da composición e funcións concretas e específicas da Comisión de Seguimento do mesmo. A xuízo do Concello da Coruña iso pode xerar incertezas polo que van seguir insistindo en que se concrete máis o contido da devandita Comisión de forma tal que sexa un verdadeiro órgano de deseño, avaliación e con competencias para evitar posibles graves interferencias co tráfico urbano e coa rede de transporte urbano (frecuencias, conxestión en paradas...), e mesmo chegar a establecer a posibilidade de deter o proceso de implantación do Plan. Así mesmo sería necesario un mecanismo de resolución de diferenzas (conflitos).

Neste sentido, entende que o Plan debe paralizarse ata que exista acordo sobre a Comisión de Seguimento (achéganse anexos con posicionamento da Coruña e Xunta respecto diso).

Entende tamén que a mellor época para empezar a implantalo sería a partir de mediados de setembro porque é cando mellor podería observarse as incidencias sobre o tráfico e o transporte urbano.

Por último cre que debe darse á Xunta unha resposta conxunta de todos os concellos da área e canto menos dos que asinaron o acordo de Mariñán.



Handwritten signatures in blue ink, including a large signature on the left and several others below the logos.

O representante de Arteixo, Alberto Castro entende que non debe ser tan complicado atopar unha solución operativa asumible polas partes e que a entrada duns 300 buses ao día non debe supoñer un problema en comparación coa cantidade total de vehículos que entran a diario na cidade.

Juan Antonio López cre que a entrada debe ser gradual e permitir a adopción inmediata de medidas correctoras, no seu caso, para o que a Comisión de Seguimento debe ter ferramentas necesarias para actuar en caso necesario.

Javier Varela entende que o problema principal non reside na entrada dos buses senón nos posibles problemas de saturación e conxestión directa e inducida nas paradas.

Daniel Díaz manifesta o seu acordo co expresado por Javier Varela e ratifica a aceptación do Plan, non así do procedemento do seu control e seguimento.

Alberto Castro insiste en que o maior beneficiario do Plan é A Coruña e que deben buscarse solucións.

Oscar Souto maniféstase de acordo coa opinión de Juan Antonio López no sentido de que a entrada debe ser gradual, aínda que cre que debe comezar xa a súa implantación.

Daniel Díaz cre que se agora se é permisivo e non se resolven antes os aspectos relativos á Comisión de Seguimento xa expostos, sería moi difícil unha volta atrás, en caso de producirse problemas graves.

Para Alberto Castros é necesario arriscarse e cambiar sobre a marcha o que non funcione.

Daniel Díaz reitérase no devandito e estima que é necesario establecer documentalmente as fases de implantación e as condicións de avaliación e control.

Antonio Vázquez pregunta se a Xunta de Galicia ten vontade de negociación e de diálogo.

Daniel Díaz di que non o parece pois o aprobaron unilateralmente e sen argumentos.

Javier Varela entende que o problema non é só da Coruña sinó de todos os concellos da área.

Daniel Díaz mostra a súa preocupación polas molestias e inconvenientes que se poden orixinar aos cidadáns da Coruña se non se fan as cousas ben.

Javier Varela propón que esta mesa inste á mesa de alcaldes a dirixirse á Xunta de maneira conxunta para recobrar o diálogo e chegar a un acordo aceptable para as partes sobre a composición e funcións da Comisión, dado que é un problema que afecta á mobilidade en toda a área e non conseguir un acordo supoñerá enfrontamentos e sobre todo decepción cidadá. No mesmo sentido ínstase á mesa de alcaldes a reiterar á Xunta de Galicia a necesidade de crear un foro de diálogo sobre o transporte nesta área.

Marta Bosch presenta un escrito aprobado no Pleno o día 25 de maio de 2017, que se adxunta a este acta e que basicamente recolle a mesma proposta que a efectuada por Javier Varela.

#### 4. Non hai rogos nin preguntas.

Péchase a sesión ás 15:05 e fíxase a próxima reunión ordinaria para o 30 de xuño en Arteixo.

CONCELLO DE ABEGONDO

ARTEIXO

CONCELLO DE BERGONDO

CONCELLO DE BETANZOS

CAMBRE  
CONCELLO

CONCELLO DE CARRAL

CULLEREDO  
CONCELLO

Concello de Oleiros

CONCELLO DE SADA